

ACTO DE ENTREGA DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA, A TÍTULO PÓSTUMO, A CARLOS CASARES.

Autoridades e representacións presentes.

Toma prestada Bieito Iglesias, o narrador ourensán, titán das letras actuais, no comezo do seu extraordinario libro, *O ouro de Ourense*, unha cita doutro mestre da palabra, tamén noso, Eduardo Blanco-Amor -quizais o máis grande da súa xeración, xunto con Álvaro Cunqueiro- que define o propiamente ourensán “como a capacidade de non permanecer durante moito tempo na gravidade.” Entendendo por tal unha visión do mundo na que o humor e a ironía, a rexouba sa e intelixente, priman sobre calquera outra actitude.

Ese carácter afable e divertido, narrativo e cordial, que pode chegar ao seu sumum, ao estado “pándigo”, cando o interlocutor resulta un solemne finchado ou un impertinente, sería, sen dúbida ningunha, o clima, o ton preferido por Carlos Casares para este acto.

Partamos, pois, da vella idea que calquera referencia a Oriente, leva consigo, implícito, un metal precioso e cotizado, tamén o máis brillante e atractivo; o ouro.

Desa maneira, Ourense, terra aurífera, manancial de saúde, prodixio da natureza, fondura da tradición sempre atenta á vangarda (só unha mostra, a revista *La Centuria*, publicación incorformista e inadaptada onde as haxa, celebramos o seu centenario o pasado ano), Ourense posúe cualidades que conforman unha peculiaridade innegable; o ourensanismo.

Algo que sempre estivo aí, que levamos connosco onde queira que vaiamos, que non inventou ninguén por conveniencia política, social ou cultural, que nada ten que ver co chauvinismo, contra o cal estamos xunto con Erich Fromm, nin co localismo insolidario, que tampouco partillamos A ourensanía non é produto da casualidade, pertence ao ámbito dos sentimentos. Por iso, a meirande parte das preciosidades aurienses téñense arrincado no Monte Furado das Letras, son pebidas áureas arrastradas polo Sil e o Miño, peneiradas por expertas e fermosas mans aureanas.

Falamos dunha realidade concreta, da continua presenza de autoras -claro que as temos! e da categoría e altura de Filomena Dato, poeta e adiantada feminista, das irmás Pura e Dora Vázquez, pioneiras da literatura infantil, de Olga Gallego, a primeira muller que entrou na Real Academia Galega, só por dar algúns nomes) e de poetas, novelistas, ensaístas, xentes do teatro...espíritos libres e creativos que, ao longo dos séculos, teñen convertido Ourense, ao de dentro e ao de fóra, á ourensanía enteira, nun fulgurante mundo literario.

Así *Ouréns*, denominación medieval de Afonso X, O Sabio, que aprendeu galego en Maceda, marca recuperada por Xosé Luís Méndez Ferrín na súa marabillosa prosa e lírica, a *Oria* e o *Ourantes* de Vicente Risco, narrador satírico inigualable, os moitísimos *Ourense*s que xiran arredor de Don Ramón Otero Pedrayo, a universal *Auria* de Eduardo Blanco-Amor, o *Serenou* do dramaturgo Manuel Guede...E outros tratamentos prodixiosos que lle debemos a Carlos Casares, Alfredo Conde, Luís González Tosar -aquí presente- Chus Pato, Xosé Carlos Caneiro, Francisco Fernández Naval e voces tan novas, talentosas e de actualidade como as de Alba Cid e Celia Parra.

A boa literatura, segundo William Faulkner, “empapa certos territorios cunha chuva imperceptible e anégaos coa capacidade líquida e única de recuperar mitoloxías, de fantasear, dotando esas xeografías con historias e imaxes que deslumbran, resistentes ao paso dos anos, perdurables.” Ese é o fenómeno que queremos destacar, que reclamamos. Iso é o que pasa en Ourense, desde que nos impuxemos a obriga de impulsar o noso. Non porque sexa noso e nos pertenza, porque só así contribuímos mellor á defensa do piar desta nación cultural, ao idioma de Galicia e á súa expresión máis nidia, a literatura propia.

Carlos Casares, magnificamente caracterizado hoxe aquí na súa dimensión humana e na capacidade do literato, foi, ao meu modo de ver e como teño dito nalgunha outra ocasión, un *ombudsman*.

Un escritor creador de linguaxe, un cidadán cun compromiso firme co seu país. Casares non escatimou esforzos cando tivo que mediar para resolver conflitos. Fíxoo convencido e desde a razón, con sensatez, nunca impondo nin anatemizando, buscando solucións pactadas, chegando a consensos que permitisen avanzar na difícil tarefa de dotar a Galicia das institucións das que carecía.

Ese foi o gran mérito de Casares, asentar os alicerces da convivencia democrática, o que el, xunto con Ramón Piñeiro, consideraba mellor e máis útil, sen atender a provocacións e delirios extremistas. Carlos non foi un intelectual dilectante e vaidoso, con ansia de poder, aceptou responsabilidades para abrir camiños e ofrecer posibilidades, non para acaparar e exercer o dirixismo, pexa grave da cultura.

Resulta, pois, curioso, que o termo sueco *ombudsman*, con antecedentes históricos escandinavos, empregado na actualidade en inglés, francés e a meirande parte das linguas do planeta -por suposto tamén en galego- teña, máis alá da significación administrativa como “defensor do pobo”, un carácter máis profundo, moi acaído á personalidade e ás ideas de Carlos Casares. Refírome a valores que cómpre recuperar mediante un diálogo fluído, flexibilizando rixideces moitas veces ridículas, ensinando a escoitar e a razoar, evitando, coa forza da palabra, conflitos irreparables.

Debo rematar, para non abusar da vosa atención, este acto amigable, verdadeiramente fraterno, agradecéndolle á familia Casares-Berg e á Fundación Carlos Casares, a súa boa disposición e colaboración permanente co Goberno Provincial, que me honro en presidir. Froito dese entendemento é a publicación, en forma de libro, do número monográfico que a revista *Raigame* lle dedicou, no seu día, a Carlos Casares. Todas e todos os asistentes recibirán, pois, un exemplar de *Carlos Casares (1941-2002). Legado dun escritor*, publicado pola Deputación de Ourense.

Estamos en 2018. E todos os anos serán, para esta institución, anos de Carlos Casares. Casares non remata en 2017, esténdese, velaí a súa forza. Por iso decidimos fixar a entrega da Medalla de Ouro da provincia unha data como a de hoxe -9 de marzo- na que hai 16 anos nos deixou fisicamente quen permanecerá para sempre, grazas á súa personalidade, traxectoria e obra, na memoria colectiva dunha nación cultural como a nosa.

Moi agradecido pola súa presenza nun acto que vai moito máis alá do cultural, un acto de compromiso. Aproveito para continuar fornecendo o compromiso desta institución coa nosa identidade e con algo tan sensible e importante como a nosa condición de pobo emigrante. Por iso anuncio publicamente, por parte do grupo de Goberno que encabezo, que presentaremos no próximo Pleno desta Corporación provincial, a adhesión ao manifesto “Pola defensa e porvir do Centro Galego de Bos Aires”, publicado integramente no xornal El Correo Gallego, o pasado día 7 do corrente mes.

Consideramos que esta provincia, afectada, sensibilizada e obrigada, desde sempre, coa nosa diáspora, non pode permanecer allea á grave situación pola que atravesamos a institución símbolo da galegitude no mundo. Os ourensáns estamos hoxe co Centro Galego de Bos Aires, e faremos todo o posible para contribuír a unha solución digna.

Nós nos podemos esquecer que aquela centenaria mutualidade, moito máis ca un sanatorio, foi o motor que mantevo aceso o facho da democracia e da identidade de Galicia en momentos moi difíciles que superamos xuntos, os de acolá e os de acá. Seguimos, seguiremos, unidos.

O primeiro convidado ás Xornadas Patrióticas que o Centro Galego de Bos Aires organizou arredor do Día de Galicia, en xullo de 1945, foi Don Ramón Otero Pedrayo, que volveu ser invitado, tamén polo Centro Galego, en 1959. E un dos últimos, en 1985, sería Carlos Casares, que actuou de mantedor das devanditas Xornadas do Centro Galego da capital arxentina viaxando na compañía da súa esposa, Kristina Berg. Entre unha e outra data, destacadas personalidades da Galicia territorial estreitaron, ano a ano, os vínculos con aquela Galicia Ideal, así denominada por Castelao.

Co exemplo de Carlos Casares e coa lembranza dos milleiros de miles de mulleres e homes desta terra, destacados e humildes paisanos, que co seu traballo axudaron a erguer

e a engrandecer a que segue a ser casa común de todos os galegos, a máis de once mil quilómetros de distancia, encarémonos ao futuro con confianza: Cremos en Ourense e cremos en Galicia!!!

Señoras e señores,

Viva Carlos Casares. Sempre Carlos Casares, Medalla de Ouro da provincia de Ourense.

Graciñas a todas e todos.